PROGRAMA
PRENSA-ESCUELA
La Voz de Galicia

BASES III CONCURSO MURAIS DE PRENSA
(CURSO 2026-2027)

La Voz de Galicia, S.A. organiza un concurso de **MURAIS DE PRENSA**, que ten como obxecto elixir os mellores murais realizados a partir de recortes de noticias ou calquera outro elemento de La Voz de Galicia por centros educativos galegos durante a Semana da Prensa na Escola do 2027, que se celebra entre os días 8 e 12 de marzo do 2027.

O concurso réxese polas seguintes bases:

- A persoa participante debe ser profesor/a dun centro educativo galego e cada participante só pode presentar fotografías dun único mural.
- A persoa participante deberá remitir polo menos unha imaxe (poden ser máis) dun mural realizado con recortes de La Voz de Galicia por parte dos seus alumnos. Pode ser num corcho ou noutro espazo disposto para a ocasión, e dentro das actividades da Semana da Prensa na Escola.
- Ademais da imaxe deberá enviar un pequeno texto (non ten extensión mínima ou máxima) sobre a actividade realizada e algunha reflexión que lle puidera suxerir a mesma.
- A imaxe debe ter un mínimo de calidade, con polo menos 2 megabytes (MB) de tamaño. Non pode ir pegada a un documento de texto nin a un PDF. Ten que ser en formato JPG ou similares para a súa futura reprodución, no seu caso, nos medios de La Voz de Galicia.
- A imaxe e o texto serán remitidos ao correo electrónico prensa-escuela@lavoz.es co asunto "Concurso de Murais de Prensa" por un sistema de compresión e transferencia de arquivos ou ben compartíndoo na nube. Acompañará á imaxe e ao texto os seguintes datos: nome e apelidos do profesor/a; centro educativo; localidade; correo electrónico e teléfono de contacto.
- A recepción de imaxes rematará o 31 de marzo de 2027 ás 17 horas.
- O xurado será designado polo programa educativo de La Voz de Galicia, S.A., Prensa-Escuela e decidirá o 6 de abril que traballo é o gañador. O xurado pode declarar deserto o premio.

- A publicación da imaxe gañadora farase no suplemento *La Voz de la Escuela* do día 7 de abril de 2027, e compartiranse tamén, no seu caso, na web e nas redes sociais de La Voz de Galicia e do Programa Prensa-Escuela.
- As persoas participantes conservarán os dereitos de autor dos traballos, mesmo despois de publicados. Únicamente se entenden cedidos a La Voz de Galicia, S.A., de forma non exclusiva, os dereitos de explotación sobre os traballos necesarios para a súa reprodución e publicación en calquera dos seus medios ou soportes, incluído Internet e redes sociais, sen límite temporal.

No suposto de que a imaxe inclúa imaxes e/ou datos dos autores e/ou de terceiros, as cesións anteriores incluirán a dos dereitos correspondentes, a cuxos efectos os profesores se obrigan a recabar as autorizacións necesarias.

- A participación no concurso supón a aceptación destas bases e das decisións que puidera adoptar a organización do concurso para a interpretación ou resolución de cuestións non recollidas nelas.

NIVEIS

Haberá catro niveis no concurso:

1. **Educación primaria:** inclúe os cursos de 5.º e 6.º de educación primaria de calquera centro educativo de Galicia.
2. **ESO:** inclúe os cursos 1.º, 2.º, 3.º e 4.º de ESO, así como 1.º e 2.º de FP de grao básico de calquera centro educativo de Galicia.
3. **FP e bacharelato:** inclúe os cursos de 1.º e 2.º de FP de grao medio e 1.º e 2.º de FP de grao superior, así como 1.º e 2.º de bacharelato de calquera centro educativo de Galicia.
4. **Educación especial:** inclúe calquera curso de educación especial de calquera centro educativo de Galicia.

PREMIOS

- O traballo gañador publicarase no suplemento *La Voz de la Escuela* do día 7 de abril de 2027, e compartirase nas redes sociais e soportes de La Voz de Galicia e/ou do Programa Prensa-Escuela se así se considera.
- A clase gañadora recibirá un agasallo valorado en 150 euros e un diploma acreditativo no acto de fin de curso do Programa Prensa-Escuela.

PROTECCIÓN DE DATOS

Informa-se de que o responsable do tratamento dos datos dos participantes no concurso é La Voz de Galicia, S.A., con dirección postal en Avda. de la Prensa 84-85, Polígono Industrial de Sabón, 15143 Arteixo (A Coruña), teléfono: 981180180* e correo electrónico: lopd@lavoz.es. La Voz de Galicia, S.A. ten designada unha Delegada de Protección de Datos, con correo electrónico: dpo@lavoz.es.

Os profesores que desexen participar no concurso deberán achegar os datos que se solicitan nas presentes bases. Os datos requiridos son necesarios para a súa inclusión no concurso, en caso contrario non poderemos tramitar a solicitude.

La Voz de Galicia, S.A. tratará os datos dos profesores para a xestión e organización do concurso, sendo a base legal para o tratamento destes datos a execución da relación contractual cos participantes.

Pola súa banda, naqueles casos en que, no marco da súa participación no concurso, os profesores dea acceso ou fagan chegar a La Voz de Galicia, S.A. datos e/ou a imaxe dos alumnos autores dos traballos e/ou doutros terceiros para a realización, xestión ou divulgación do concurso, con carácter previo comprométense a informar das presentes bases e a recabar o consentimento dos interesados ou ben, en caso de que sexan menores de 14 anos, dos seus pais ou titores legais.

O nome e a imaxe dos participantes, así como o nome dos centros aos que pertencen, poderán ser obxecto de comunicación pública nas actuacións presentes ou futuras que poida levar a cabo La Voz de Galicia, S.A., sempre que dita comunicación pública estea relacionada coa súa participación no concurso ou coa publicación dos seus traballos -salvo que o autor solicite calquera modificación con arranxo á normativa vixente-.

Salvando o anterior, non se realizarán cesións de datos persoais a terceiros, excepto no caso de que exista unha obrigación legal. Así mesmo poderán ter acceso a datos persoais os provedores (encargados do tratamento) de La Voz de Galicia, S.A. que necesiten acceder a datos para a prestación de servizos contratada que, a título enunciativo e non limitativo, prestan servizos nos sectores de servizos administrativos, xestión de sitios web; os provedores utilizarán os datos unicamente para a prestación do servizo e conforme ás instrucións de La Voz de Galicia, S.A.. Pode pedir máis información a través de lopd@lavoz.es.

Os datos conservaranse mentres sexan necesarios para os fins para os que se recadaron, e durante os prazos de prescrición previstos.

Os interesados poderán exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e, no seu caso, portabilidade dos seus datos persoais, así como de oposición e limitación ao tratamento dos seus datos, dirixíndose a La Voz de Galicia, S.A. a través da dirección de correo electrónico lopd@lavoz.es, ou na seguinte dirección: La Voz de Galicia, S.A. – Protección de datos, Avda. de la Prensa 84-85, Polígono Industrial de Sabón, 15143 Arteixo (A Coruña), indicando os detalles correspondentes á súa solicitude e acreditando debidamente a súa identidade (e, no seu caso, representación).

Infórmase así mesmo ao participante de que ten dereito a obter información sobre o exercicio dos seus dereitos e/ou presentar unha reclamación ante a Agencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).